


Ramón Piñeiro
na lembranza

Pinturas e
debuxos de Siro

XUNTA DE GALICIA



RAMÓN
PIÑEIRO
LETRAS
GALEGAS
2009

Siro

Ramón Piñeiro na lembranza

Pinturas e debuxos de Siro

XUNTA DE GALICIA

Edita:
Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de política Lingüística

Centro Ramón Piñeiro para a
Investigación en Humanidades

Difux, SL
ISBN:978-84-453-4791-1
Dep. Legal: C-1282-2009

A Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano 2009 a Ramón Piñeiro López. O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades leva o seu nome e non só asume senón que procura ser fiel ao seu ideario de compromiso coa defensa e normalización da lingua galega e coa dignificación da nosa cultura. A nosa institución non podía deixar pasar esta ocasión sen honralo dunha maneira especial, e coidou que non hai mellor maneira de homenaxear a alguén que afondar no coñecemento da súa obra e na difusión do seu ideario.

O Centro Ramón Piñeiro vai dar a coñecer durante este ano unha parte importante do epistolario que mantivo con personalidades relevantes do mundo da cultura, vai publicar dúas gravacións conservadas de entrevistas con Ramón Piñeiro xunto coa súa transcripción, e vai editar un libro de estudos sobre os ámbitos máis relevantes da súa actividade política, intelectual e cultural.

Dentro destas iniciativas destinadas á celebración do ano Ramón Piñeiro, organizadas polo noso Centro, ocupa un lugar relevante unha exposición de retratos e caricaturas de Ramón Piñeiro, realizadas pola persoa que mellor soubo captar e expresar plasticamente a personalidade de Don Ramón, e que mellor soubo afondar na súa alma. Refírome a Siro López, quen, cunha xenerosidade realmente extraordinaria, nos permite gozar desta colección de cadros coas súas visións do noso personaxe.

Esta exposición estará en Santiago durante o mes de maio na Fundación Torrente Ballester, e desde alí peregrinará á Casa da Xuventude de Ourense, onde estará do 1 ao 14 de xuño. Seguidamente trasladarase ao Círculo de Belas Artes de Lugo, desde o 15 ao 28 de xuño, para acabar o seu percorrido na Fundación CaixaGalicia da Coruña, onde poderá ser visitada durante todo o mes de xullo.

O noso agradecemento aos que cederon os locais para que esta exposición teña un escenario digno, e de maneira moi especial a Siro López pola súa actitude aberta e xenerosa que arredou do camiño as pequenas dificultades que sempre se presentan na organización dun evento deste tipo. Grazas, Siro, porque estou seguro de que esta sería tamén a actitude de Ramón Piñeiro.

Manuel González González

Coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro

RAMÓN PIÑEIRO NA LEMBRANZA

No intre de dar un título a esta exposición souben que debería ser *Ramón Piñeiro na lembranza*. Ramón Piñeiro está hoxe no meu recordo porque está no meu diario vivir, cando escribo, cando pinto, cando penso...

Coñecémonos no ano 1971 e desde entón mantivemos unha relación tan intensa, que, aínda que resulte frase tópica, moi ben podería considerarse paterno filial. Si, Ramón Piñeiro foi meu amigo, pero o fogar de Ramón, Isabel e Sara en Xelmírez 15, 4º, sempre o sentin un pouco meu.

Apenas teño cartas de Piñeiro porque nos viamos con frecuencia e non pasaban dous meses sen que eu o visitase, ou sen que el e Isabel viñesen pasar unha fin de semana á miña casa de Ferrol. A década dos setenta foi importantísima para min porque en cada encontro con Piñeiro, en cada conversa, recibín información para entender, orientación para pescudar, e axuda para facer. Estou certo de que o pouco de algún valor que poida haber no moito que levo feito, se debe ao maxisterio e á xenerosidade de Piñeiro.

De Piñeiro falei moitas veces para presentalo como conferenciante, e tamén nun par de semblanzas no xornal *El Norte de Galicia*, que saíu en Ferrol no ano 1980; e na carpeta *Coas raíces na Terra*, editada por Galaxia para conmemorar o quincuaxésimo aniversario da súa creación. Coido que nunca me custou o máis mínimo esforzo, e, aínda así, se agora tivese que facelo, non sabería como empezar. Hai unha razón: daquela Piñeiro estaba, felizmente, vivo; e agora, lamentablemente, está morto. Daquela abondábame con ollalo e escoitalo para ordenar as ideas e as palabras, e agora tería que mergullarme nos ensarillados recunchos da memoria e dos sentimentos, para, se-

guindo o seu exemplo, poñer cada cousa onde lle cómpre, e obter unha visión intelixible do conxunto.

De todos os xeitos, aínda que non sempre unha imaxe vale por mil palabras, é verdade que algúns dos debuxos que lle fixen en vida a Ramón Piñeiro puideron resultar tan reveladores da súa personalidade como un texto literario.

Unha tarde debuxei na casa do matrimonio Penzol a caricatura que hai pouco me serviu de bosquexo para a que figura co número un nesta mostra. A todos nos fixo gracia comparala con outra anterior, que tamén usei agora como bosquexo para o retrato número catro desta mesma mostra, porque nas dúas era Piñeiro, pero, ao velas xuntas, aparecían dous Piñeiros moi diferentes. Estaba con nós o xornalista Lois Álvarez Pousa, que deu a clave para entender o misterio: *“É que na primeira debuxaches o intelectual, e nesta última a gran persoa que é don Ramón”*.

A do Piñeiro intelectual leveina a unha exposición no Círculo das Artes de Lugo, e cando chegou Pepito Gayoso -un personaxe lugués moi amigo de Fole; un sabio candoroso e entrañable, coñecido e valorado na cidade pola súa agudeza no dicir- foi percorrendo a galería de retratos, adicándolles un comentario tan breve como atinado para relacionar o debuxo co modelo. Ao chegar á caricatura de Ramón Piñeiro, abriu os brazos en cruz e berrou: *“Piñeiro: ecuánime, vertical”*.

Era a definición perfecta para aquel deseño do Ramón Piñeiro comprometido coa causa de Galicia; e sempre que debuxei a imaxe pública de Piñeiro tiven en conta a interpretación de Pepito Gayoso, e salientei a súa “verticalidade”.

Pero o home Ramón Piñeiro non era perfectamente ergueito, que botaba a cabeza a un lado para falar, e falaba axudándose coas mans. Ademais, como non vía, tropezaba ao andar, e cando falaba

en público podía levar a anguria ao auditorio mentres procuraba unha palabra que parecía non sería quen de atopar. Sempre a atopaba e ademais non só unha, senón varias; todas precisas, exactas; que despois do esforzo lle viñan unhas con outras, como as cereixas. A este Ramón Piñeiro acaíalle mellor a segunda caricatura.

Porén, unha personalidade tan complexa e rica como a de Piñeiro non podería quedar reflectida en dúas caricaturas por moi ben que se complementasen, e ademais a subxectividade do artista descobre a cadora novas imaxes do modelo. Velaí por que en vida de Piñeiro lle fixen unha ducia de caricaturas e retratos, que me serviron para iniciar o traballo desta exposición. Como os deseños xa citados, os retratos que aparecen nesta mostra cos números 1, 2 e 3 están feitos a partir de apuntes tomados do natural. Todo o demais é evocación.

Nesta mostra quixen reflectir a presenza real de Piñeiro en varios debuxos e pinturas con distintas idades e estilos diferentes, e por eso fixen os retratos; quixen esaxerar o expresivo da súa fisonomía para afondar na personalidade, e por eso mostro as caricaturas; quixen apreixar algunhas das múltiples imaxes que chegan á miña mente ao evocar o amigo, e por eso as presento, recreadas libérrimamente, nas "figuracións", despois de tomar a préstamo o título creado por Luis Seoane.

Haberá quen pense que están de máis os deseños que representan a Piñeiro na enfermidade. Quizais sexa así, pero foi unha decisión consciente, motivada polo noso último encontro, en Santiago, na súa casa, poucos días antes de morrer.

O deterioro físico era evidente pero recibíame coa alegría de sempre, e, como sempre, falamos de mil cousas entre risas. En ningún momento fixo a máis mínima alusión á proximidade do seu fin, a non ser cando me comentou que Casares e Torres Queiruga gravaran nos

últimos meses tantas horas de conversa con el, que todo canto tiña que decir quedaba dito. Ante a inminencia da morte Ramón Piñeiro seguía a ser o filósofo estoico que fora na plenitude da vida; ante a proba derradeira impúñase, unha vez máis, a ecuanimidade, a verticalidade do intelectual.


Despedímonos sabendo que non nos veríamos máis. A daquela tarde foi para min a súa última lección; a derradeira lección do mestre. Esta mostra é a testemuña da miña gratitude.

Siro


ÍNDICE

RETRATOS	13
CARICATURAS	33
FIGURACIONES	43

RETRATOS




Témpera sobre papel
48 cm x 68 cm



Témpera sobre papel
46 cm x 67 cm



Témpera sobre papel
34 cm x 49 cm




Témpera sobre papel
47 cm x 68 cm



Témpera sobre papel
54 cm x 74 cm



Témpera sobre papel
49 cm x 68 cm




Sanguina sobre papel
47 cm x 68 cm




Témpera sobre papel
48 cm x 68 cm




Témpera sobre papel
54 cm x 74 cm



Témpera sobre papel
54 cm x 73 cm




Témpera sobre papel
49 cm x 69 cm



Témpera sobre papel
42 cm x 65 cm



Tinta sobre papel
49 cm x 65 cm



Acrílico sobre papel
30 cm x 43 cm



Acrílico sobre papel
45 cm x 69 cm



Témpera sobre papel
54 cm x 74 cm




Témpera sobre papel
68 cm x 94 cm

CARICATURAS




Tinta sobre papel
42 cm x 59 cm




Pastel sobre papel
49 cm x 63 cm



Témpera sobre papel
44 cm x 62 cm



Témpera sobre papel
43 cm x 69 cm



Tinta sobre papel
42 cm x 59 cm



Tinta sobre papel
42 cm x 59 cm



Tinta sobre papel
42 cm x 59 cm



Medalla Poliéster 24 cm
(Modelada por M. Ferreiro Badía)

FIGURACIONES



Témpera sobre papel
73 cm x 83 cm



Témpera sobre papel
65 cm x 90 cm



Témpera sobre papel
63 cm x 90 cm



Témpera sobre papel
56 cm x 96 cm



Témpera sobre papel
54 cm x 74 cm



Témpera sobre papel
65 cm x 80 cm



Témpera sobre papel
65 cm x 50 cm



Témpera sobre papel
61 cm x 90 cm

